

Balance Plan de Acción Software Libre 2025



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Balance Plan de Acción Software Libre

O plan de Software Libre recolle os compromisos, obxectivos e actividades promovidas dende a administración pública en colaboración cos axentes galegos do Software Libre para a difusión e o fomento do uso de Software Libre en Galicia en tres ámbitos principais de actuación: **ciudadanía, empresas e a propia administración pública.**

A **Oficina de Software Libre da Xunta de Galicia**, encadrada na Área de Sociedade Dixital da AMTEGA, é a encargada de canalizar todas as accións recollidas neste plan, así como asesorar aos distintos axentes do goberno rexional en materia de software libre e datos abertos. Ofrece, ademais, labores de asesoramento e difusión a outras administracións locais, así como ao sector privado e á cidadanía.

A Oficina conta co portal mancomun.gal como cara visible. Este portal web ten o obxectivo de servir como portal de referencia e aglutinador de todas as iniciativas sobre software libre que se están a desenvolver en Galicia.

Elaborado por: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

© Xunta de Galicia.

Esta obra distribúese cunha licenza Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.

Para ver unha copia da licenza pulse [aquí](#).

Este informe está dispoñible no portal Mancomún.



MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

O Balance

#empresa
#ciudadanía
#administración

#mancomún

#redes
#newsletter
#formación

#faladoiros
#podcast



+ 150
actuacións

+ 18.200
horas de
formación

+ 15.000
persoas

3



Empresa

O fomento do uso do Software Libre nas empresas é un dos ámbitos de actuación aos que a [Amtega](#) presta especial atención como medio para contribuír á mellora da eficacia e competitividade deste sector.

Colaboración con AGASOL



A Amtega contou un ano máis coa colaboración da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre ([AGASOL](#)) na organización de actividades para achegar o software libre ao tecido empresarial galego.

No marco do convenio de colaboración con AGASOL, desenvolvéronse tamén diversos obradoiros prácticos orientados ás empresas galegas, centrados na difusión de solucións de software libre e na súa aplicación en contornos empresariais reais. Os obradoiros tiveron como obxectivo achegar exemplos prácticos de uso, facilitar a adopción de ferramentas libres e resolver dúbidas específicas relacionadas coa súa implantación no día a día das organizacións. Algunhas das temáticas dos obradoiros realizados foron:

- ✓ O soporte de Windows 10 remata, e agora, que facemos?
- ✓ Obradoiro para entender e reducir a túa factura da luz
- ✓ Obradoiro avanzado de LibreOffice

Apeiría



Seguindo a liña de centralización das iniciativas de software libre a través de Mancomún, este ano 2025 continuou dispoñible apeiria.mancomun.gal, o servizo orientado a que empresas galegas poidan probar solucións de software libre na nube.

Na actualidade, o servizo Apeiría dispón de 8 solucións de software libre dispoñibles.



 listmonk

 PSONO

 TAIGA

 LimeSurvey



Nextcloud


FacturaScripts


ROCKET.CHAT


PrestaShop

Incentivar as prácticas InnerSource entre as empresas galegas



Durante este ano 2025, mantivéronse dispoñibles dous cursos en liña sobre **InnerSource**:

- ✓ [Fundamentos de InnerSource.](#)
- ✓ [Modelos de InnerSource para Pemes.](#)


Estes cursos teñen como finalidade facilitar a adquisición de competencias neste ámbito, tanto por parte de persoas interesadas en iniciarse nesta metodoloxía como de empresas galegas que desexen avanzar cara á adopción deste modelo colaborativo.

Difusión tecnolóxica en software libre para Pemes



No ámbito da difusión tecnolóxica en software libre dirixida ás Pemes, durante o ano 2025 continuouse coa elaboración e publicación de contidos orientados a achegar solucións libres ao tecido empresarial galego. Neste contexto, publicáronse a Guía de liberación de proxectos de Intelixencia Artificial e a Guía de accesibilidade na tecnoloxía, co obxectivo de facilitar boas prácticas tanto na apertura de desenvolvementos tecnolóxicos como na creación de ferramentas dixitais máis inclusivas.

Así mesmo, continuouse coa difusión de contidos tecnolóxicos orientados á empresa a través do portal Mancomún, mediante a publicación de artigos relacionados coa Intelixencia Artificial e sobre ferramentas libres, centrados en dar a coñecer casos de éxito, novidades do sector, boas prácticas no uso de solucións libres e comparativas entre solucións alternativas.



viernes, 11 abril 2025

Guía de liberación de Inteligencia Artificial

La Open Source Initiative (OSI) publicó recientemente una definición sobre los proyectos de inteligencia artificial de software libre, en la que se establecen los criterios que debe cumplir una IA para ser considerada abierta, garantizando no sólo el acceso al código, si no también la disponibilidad de los datos y los modelos que la conforman. [...]

#IA



martes, 28 enero 2025

Material didáctico sobre IA orientado a las empresas gallegas

Las empresas gallegas cuentan con nuevo material didáctico para comprender e impulsar el uso de sistemas de Inteligencia Artificial (IA) en abierto. En base al convenio de colaboración entre AGASOL y AMTEGA, una de las actuaciones que se llevaron a cabo fue la elaboración de este material didáctico centrado en la importancia de apostar por [...]



lunes, 7 abril 2025

Guía de accesibilidad en la tecnología

Esta guía se encuadra dentro del deber de sensibilización y divulgación para incrementar la concienciación dentro de las Administraciones Públicas en la sociedad en general sobre los requisitos de accesibilidad y la universalidad de sus beneficios del Real Decreto 1112/2018, de 7 de septiembre, sobre accesibilidad de los sitios web y aplicaciones para dispositivos móviles del [...]

#ACCESIBILIDAD

Difusión tecnolóxica en software libre para Pemes



Durante o 2025 continuou dispoñible o catálogo de [Solucións TIC](#) do portal Mancomún contando xa cun gran número de solucións.

Lembrar que cada unha das solucións neste apartado consta dunha breve descrición da plataforma ou do software en cuestión, entrevistas ou artigos relacionados publicados no portal se os houbera, ligazón á páxina do proxecto suxerido, ligazón á demo en apeiria.mancomun.gal se existe, ademais doutras posibles ligazóns a sitios relacionados. Tamén se inclúe unha lista de provedores galegos da solución proposta obtida do [Mapa de capacidades dixitais de Galicia](#), punto de referencia da oferta tecnolóxica en Galicia.



Luns, 25 Novembro 2024

Poppler

Poppler é unha biblioteca de software libre para xerar documentos pdf que se usa comúnmente en sistemas GNU/Linux e polos visores de PDF dos entornos de escritorio de software libre GNOME e KDE. O seu desenvolvemento é mantido por freedesktop.org. O proxecto foi iniciado con dous obxectivos: proporcionar a funcionalidade de renderizado de PDF como [...]

ENLACE EXTERNO




Luns, 25 Novembro 2024

FOG Project

FOG Project é unha suite gratuita e de software libre para a clonación, rescate, inventario e xestión de imaxes de disco. As características poden ser activadas a través dunha interface web unha vez que a máquina cliente foi rexistrada en FOG. FOG pode ser usado para clonar PCs con Windows XP, Vista, Windows 7, Windows [...]

ENLACE EXTERNO



Luns, 25 Novembro 2024

Simpl

Simpl é unha plataforma de software libre para o acceso e a interoperabilidade de datos europeos. Proporciona múltiples formatos compatibles, de uso libre, que se comparten de calidade de datos e iniciativa financiada pola UE lan seguintes [...]

ENLACE EXTERNO

9

Capacitación de profesionais TIC, estudos e informes



A formación continua constitúe un elemento clave no ámbito empresarial, ao contribuír á mellora das competencias profesionais e ao reforzo da competitividade das empresas. No marco da formación en software libre, cómpre salientar a oferta formativa desenvolvida polo [Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia \(CNTG\)](#), que adapta a súa programación ás necesidades do mercado laboral e incorpora de maneira transversal o uso de solucións baseadas en software libre.

Pola súa banda, as edicións máis recentes dos estudos elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia ([OSIMGA](#)), centrados na evolución do [uso do software libre nas empresas galegas](#), continúan a servir como referencia para analizar as necesidades do tecido empresarial, orientar futuras actuacións e identificar medidas que contribúan a incrementar a presenza destas tecnoloxías no ámbito empresarial.

52
cursos



Cidadanía

Outro dos eixos nos que se enfocan as actuacións de fomento e difusión do software libre dende a [Amtega](#) é a cidadanía. Neste ámbito mantívose a colaboración cos diversos axentes do ecosistema galego do software libre, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL) e distintos colectivos e entidades colaboradoras, para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre dirixidas a diferentes perfís da cidadanía. Destacan tamén as actuacións desenvolvidas a través da [Rede CeMIT](#), como canle fundamental para achegar a formación e a capacitación dixital ao conxunto do territorio.

Colaboración coas AGUSL



A través da colaboración coas **Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL)** continuouse apoiando a labor social e voluntaria que estas entidades desenvolven a prol do fomento, desenvolvemento e implantación do software libre en Galicia.

Neste marco, a Amtega colaborou coas AGUSL na organización de xornadas de divulgación, **obradoiros** e accións formativas sobre software e hardware libre dirixidas á cidadanía, así como na elaboración de documentación en lingua galega para facilitar o acceso á formación en tecnoloxías libres. Ademais, impulsáronse actuacións orientadas á localización de **software libre ao galego**, contribuíndo á normalización da lingua nas TIC, á visibilización de Galicia nas comunidades de software e hardware libre mediante a participación en **encontros de ámbito nacional e internacional**, e á difusión de proxectos de interese social vinculados ao uso de tecnoloxías libres e á cooperación social.

2
actividades

500 horas

80
persoas

12

Colaboración coas AGUSL



Organización e participación en xornadas de referencia no sector. No 2025, realizouse unha **xornada de información sobre a Lei de Ciberresilencia (CRA)** da Unión Europea e as súas implicacións para as empresas galegas



BIENVENIDOS A LAREIRACONF.
EL ENCUENTRO TECH QUE ENCIENDE IDEAS Y CONECTA
COMUNIDADES



SANTIAGO DE COMPOSTELA
r-users.gal

Xornada de introdución a «Godot Engine»

En colaboración coa comunidade de usuarios de Godot Engine en Galicia, Estamos a organizar unha xornada de encontro, con obradoiros e relatorios sobre o motor de xogos libre.

Se tendes xente miúda na casa, á que lles gusten os videoxogos, está previsto un obradoiro para eles en horario de mañá. Aproveitade para que coñezan e practiquen unha actividade divertida.

Programa:

GALPon MiniNo



Colaboración coas AGUSL



Durante o 2025, potenciouse a consolidación dun evento de referencia de software libre en Galicia: Atlántica Conf 2025


ATLÁNTICA CONF



13 y 14 de Junio de 2025

Facultad de Informática, A Coruña

Drupal 10 Site
Building



HACK UDC

How to create a simple
REST API in Go



DrupalCamp 2025



Os días 18, 19 e 20 de setembro celebrouse en Santiago de Compostela a DrupalCamp Spain, un congreso de carácter anual que reúne á comunidade española de Drupal.

No ano 2025 Galicia foi seleccionada como sede para a súa celebración, contando coa participación da Amtega a través dun convenio de colaboración coa Asociación Española de Drupal.



Entrevistas a persoas da comunidade sobre a súa experiencia no día a día empregando software libre



Paula Taibo

Fernando A. Muñoz



Alumna de Enxeñaría Informática.
Secretaría de GPUL.

“ Dende que comecei a empregar software libre teño moito máis control sobre o meu ordenador e síntome máis cómoda usándoo. Tamén aprendín moito máis sobre como funciona e como adaptalo á miña forma de traballo. ”



Arqueólogo, licenciado en Xeografía e Historia na Universidade Complutense de Madrid.

“ Teño contribuído economicamente no desenvolvemento e mellora de varias ferramentas e proxectos de software libre, e tamén colaborado na súa difusión. ”

Iraisy Figueroa



Traballo con recursos de tecnoloxías educativas, contribuíndo a promoción de ferramentas de código aberto e colaborando coa comunidade de software e hardware libre.

“ Aprender e usar software libre aumentou as miñas oportunidades laborais e fixo que o meu futuro profesional sexa máis prometedor. ”

Coñecer experiencias de persoas próximas axuda a reducir barreiras de entrada e a favorecer o achegamento ao software libre. Neste sentido, mantívose o espazo de difusión [entrevistas a xente do común](#) centrado en dar visibilidade a testemuños de persoas usuarias que empregan habitualmente tecnoloxías libres no seu día a día, recollendo e poñendo en valor as entrevistas realizadas en anos anteriores.



Fomento do software accesíbel



A accesibilidade no software constitúe un elemento fundamental para garantir a súa universalidade e contribuír á redución da fenda dixital.

Tras o traballo realizado durante o ano 2024 para a elaboración dunha guía de accesibilidade, ao longo de 2025 levouse a cabo a súa presentación pública e desenvolvéronse actuacións orientadas á súa difusión, co obxectivo de fomentar a creación de ferramentas e contidos dixitais máis accesíbeis.

O [W3C](#) define a accesibilidade como:

"O acceso de todas as persoas á Web, independentemente do tipo de hardware, software, infraestrutura de rede, idioma, cultura, localización xeográfica e capacidades das persoas usuarias."

O software libre é a ferramenta perfecta que encaixa ao 100% con esta definición.

Software libre y accesibilidad

- El Software libre u Open Source juega un papel importante a la hora de eliminar las barreras que impiden a las personas percibir, manejar y comprender mejor los contenidos digitales, ya que existen muchas herramientas de uso libre que ayudan a auditar, analizar y mejorar las herramientas digitales.
- El software siempre es desarrollado por personas o entidades con sus propios intereses. Entre ellos puede estar el hacerlo accesible o no. Cuando ese software se comparte con licencias privativas, no hay posibilidad de mejorar su accesibilidad salvo que sus propietarios quieran. En cambio, el software liberado bajo licencias libres, puede ser modificado, y por tanto, aunque en su creación no se haya tenido demasiado en cuenta la accesibilidad, sí se puede mejorar con contribuciones a posteriori.



La accesibilidad como un derecho fundamental

- En un mundo cada vez más digital, el acceso equitativo a la información y las tecnologías de la información y comunicación (TIC) es un derecho fundamental que garantiza la igualdad y la dignidad de las personas.
- La Constitución Española, en su artículo 9.2, establece que los poderes públicos deben promover condiciones para que la libertad y la igualdad sean reales y efectivas, eliminando obstáculos que dificulten la participación plena de todos en la sociedad.
- El artículo 10 refuerza que la dignidad humana y los derechos inherentes son pilares del orden político y la paz social. La accesibilidad, como parte de esta dignidad, permite que las personas sean autónomas y tengan una vida plena.

Diseño para Todos



El Diseño para Todos (DPT) o Diseño Universal (DU) es un enfoque que se está implementando progresivamente en diversos ámbitos, especialmente en las instituciones europeas, para crear entornos inclusivos que atiendan las necesidades de todas las personas, independientemente de sus particularidades, edad o habilidades. En la Unión Europea, el programa de e-accesibilidad busca lograr una Sociedad de la Información accesible para todos, eliminando barreras digitales y promoviendo la igualdad de acceso.

En este contexto, la Agenda 2030 de la ONU destaca la importancia de la accesibilidad cognitiva para alcanzar los Objetivos de Desarrollo Sostenible, especialmente en la educación, que debe ser inclusiva y de calidad para todos.

Rede CeMit

CeMITCentros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica

A rede de [aulas CeMIT](#), distribuída por todo o territorio galego, continúa a constituír un dos principais piares para achegar a tecnoloxía e a capacitación dixital á cidadanía, incorporando accións formativas en tecnoloxías disruptivas apoiadas no equipamento renovado das aulas nos últimos anos.

Neste contexto, dende a Oficina de Software Libre mantívose o apoio á rede CeMIT co obxectivo de reforzar e ampliar os recursos formativos vinculados ao uso e difusión do software libre.

**+ 970
cursos**

**19.400
horas**

**8.500
persoas**





Administración

No ámbito da administración pública, as principais liñas de actuación centráronse en consolidar a reutilización do software libre como base para o desenvolvemento de novos servizos públicos. Para iso, desenvolvéronse accións de asesoramento e difusión dirixidas aos responsables TIC, promovendo o coñecemento de casos de éxito doutras administracións públicas, así como a divulgación de experiencias propias fóra da nosa comunidade. Ademais, continuouse impulsando a publicación e liberación de novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

Publicación de Software Libre



No ámbito da administración pública mantívose o obxectivo de fomentar a publicación con licenza libre de novos proxectos desenvolvidos pola Xunta de Galicia, seleccionados en función do seu potencial de reutilización.

O Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia, [A Eira de Mancomún](#), baseado en software libre GitLab, continuou a consolidarse como o punto central para a publicación destas iniciativas.

Así mesmo, a Oficina de Software Libre da Amtega mantivo o servizo de apoio aos responsables de proxectos para a liberación de recursos, tanto contidos como software, realizando a análise do código dos desenvolvementos co fin de verificar a ausencia de fragmentos ou dependencias con software non libre e certificar a viabilidade da súa publicación baixo licenzas libres.

Publicación de "Apunta"



Durante o ano 2025, a Xunta de Galicia publicou como software libre a plataforma web Apunta, unha solución desenvolvida pola Amtega para a xestión de inscricións en actividades organizadas pola Administración autonómica e as súas entidades públicas.

A liberación do proxecto, realizada no marco do Plan de Software Libre, permite a súa reutilización por outras administracións e organizacións, reforzando a soberanía tecnolóxica, a transparencia e a racionalización do gasto público.

O código foi publicado baixo licenzas EUPL e AGPL, garantindo a súa reutilización e evolución dentro do ecosistema de software libre.

APÚNTATE

Galego | Castellano

XUNTA DE GALICIA

Uso da bioenerxía en comunidades enerxéticas e redes de calor

A xornada será o martes, 2 de decembro na Sala de Eventos, do Edificio Fontán, da Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.

PARTICIPA



Asesoramento sobre ferramentas libres e estándares abertos



Mantívose o **servizo de asesoramento** en materia de Software Libre e reutilización aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, para atender as consultas para a identificación de alternativas en software libre que cubran unha necesidade concreta, elaborar análises de cláusulas de licenciamiento ou propiedade intelectual a incluír nas contratacións TIC, realizar informes sobre a madurez dunha solución libre preidentificada ou identificar posibles melloras no soporte de estándares nos servizos de administración electrónica entre outras.

Ademais, a Oficina de Software Libre mantivo unha vixilancia proactiva para garantir que as ferramentas de e-Administración para a comunicación coa cidadanía e as empresas cumpren co principio de non discriminación por escolla tecnolóxica.



Formación en Software Libre para o empregado público




A formación e capacitación dos empregados públicos en materia de software e cultura libres é crucial para o éxito do fomento do uso e implantación de software libre na administración pública.

O Plan Formativo Ofimático de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ([EGAP](#)), contempla a programación de accións formativas no ámbito de competencias dixitais ComDix.

Por outra parte, o [Plan anual de formación do profesorado](#) dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conta con multitude de accións formativas e de acompañamento á implantación e desenvolvemento de Edixgal nos centros educativos, como por exemplo cursos básicos do contorno e equipamento ABALAR, entre outros.






O portal mancomun.gal continuou a consolidarse como o espazo público de referencia para a difusión do software libre en Galicia. A través del, a Oficina de Software Libre da Amtega recolleu a actualidade do ecosistema galego e deu visibilidade ás actuacións impulsadas para o fomento do software libre na comunidade.

Ademais, o portal seguiu actuando como canle principal para reforzar as accións de difusión dirixidas á cidadanía, incorporando novos formatos e potenciando a elaboración de contidos audiovisuais que complementan outras liñas de actuación, como entrevistas, videotitoriais, pímulas informativas e reportaxes sobre eventos.

Difusión de software libre



A través do portal Mancomún reforzouse a difusión de información de actualidade do Software Libre en Galicia, coa publicación de diversas novas ao longo do ano.

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA


**La OSI apoya los
Principios de Código
Abierto de las
Naciones Unidas**



**German state moving
30,000 PCs to LibreOffice**


CIUDADANÍA

**«Ada & Zangemann»,
disponible en español**



Podcast

O [Podcast de Mancomún](#), que conta cunha boa acollida dende o seu lanzamento, continuou presente como canle de difusión, abordando diferentes temáticas relacionadas co software libre e incorporando contidos específicos centrados en tecnoloxías e ámbitos de interese dentro deste ecosistema.



2 programas
en 2025


Subscripción aos canles do podcast



Axenda

A [Axenda de Mancomún](#) continuou a funcionar como un espazo de referencia no que recoller, a modo de calendario, as actividades, encontros e efemérides máis destacadas relacionadas coa actualidade do software e hardware libre en Galicia.

Galicia conta cunha comunidade sólida de asociacións, grupos informais e entidades comprometidas coa promoción do software, hardware e cultura libres. A través de Mancomún continuouse apoiando a súa visibilidade mediante a difusión das actividades que desenvolven, desde a organización de eventos e charlas ata a participación activa en proxectos vinculados ao software e hardware libre.




Queres engadir un evento á axenda?

Se vas a organizar un evento relacionado con software ou hardware libre en Galicia podes enviarnos información sobre o mesmo para que o incluamos na axenda e lle demos difusión.

[Contacto](#)

Boletín de Software Libre



As persoas interesadas en manterse ao día das novidades e recursos relacionados co software libre e a cultura libre continuaron tendo a posibilidade de recibir información directamente no seu correo electrónico mediante a subscrición ao **boletín dispoñible no portal Mancomún**.

A Oficina de Software Libre da Amtega mantivo publicados os contidos de difusión sobre solucións e [casos de éxito de implantación de software libre noutras administracións públicas](#) e tamén os contidos para [mantenerse ao día sobre as últimas novidades e recursos no ámbito do software libre e a cultura libre orientados á cidadanía](#).




Todos os interesados en manterse ao día sobre as últimas novidades e recursos no ámbito do software libre e da cultura libre, poden recibir información directamente no seu correo. No pé do portal de Mancomún atoparedes o botón para subscribirse ao noso boletín sobre software libre.



O boletín inclúe contidos variados e relevantes, que abarcarán unha ampla gama de temas, como:

- Eventos. Información sobre cursos, obradoiros, conferencias, charlas e xornadas relacionadas co software libre.
- Mancomún Podcast. Episodios sobre diversos temas de interese para a nosa comunidade.
- Artigos TIC. Análise sobre ferramentas libres para empresas e proxectos libres relacionados coa IA.

Redes e servizos



A Amtega continuou poñendo a disposición de toda a cidadanía outros servizos en materia de Software Libre como son [o Repositorio Documental de Software Libre e o Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia, A Eira de Mancomún.](#)

A través do Repositorio Documental, mantívose a posibilidade de solicitar a publicación de materiais formativos ou divulgativos sobre software libre en formato aberto, con licenza libre e en lingua galega, consolidándose como un espazo de referencia para a difusión deste tipo de contidos. Pola súa banda, A Eira de Mancomún continuou funcionando como ferramenta para o desenvolvemento e publicación de proxectos de software con licenza libre, facilitando á propia administración a liberación dos seus desenvolvementos e promovendo a súa reutilización.

Neste ano seguíronse utilizando as canles de redes sociais para Mancomún (Twitter, mastodon e Youtube), con novos tipos de contidos para diversificar aínda máis a oferta de difusión, chegando a novos públicos.

Síguenos nas redes sociais



Balance Plan de Acción Software Libre 2025



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA